

MORAÑA

E D I C T O

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 01-06-2012, o presuposto municipal para o exercicio económico de 2012, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ó público na secretaría deste concello, por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente edicto no boletín oficial da provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas.

Moraña, 4 de xuño de 2012.—A Alcaldesa, María Luisa Piñeiro Arcos.

2012005600

* * *

B U E U

A N U N C I O

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A CLUBS/ENTIDADES DEPORTIVAS DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES DE BUEU (IMD) DURANTE O ANO 2012.

Aprobadas polo Consello Reitor en sesión ordinaria celebrada o 15 de Maio de 2012 as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a clubs/entidades deportivas do Instituto Municipal de Deportes de Bueu durante o ano 2012 e que a seguir se transcriben dun xeito literal:

“Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrencia, igualdade, transparencia e obxectividade para a realización de programas, proxectos ou actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.

As bases están suxeitas ao establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Bueu, publicadas no BOP do 17 de febreiro de 2006.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida orzamentaria 340.48900 do orzamento municipal do Instituto Municipal de Deportes vixente para o ano 2012, e co límite máximo da súa consignación orzamentaria ó efecto, que é de 25.000 €.

O importe máximo por subvención será de 5.500 €. Este importe non poderá superar o 90% do custo total do programa, proxecto ou actividade para a que se solicita a subvención, e en ningún caso poderá ser de tal contía que, ben illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutros organismos públicos ou privados, supere o dito custo total do programa, proxecto ou actividade.

Non se poderá presentar máis dunha solicitude por entidade.

1.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Son obxecto de subvención as actuacións e programas dos clubs e entidades deportivas, debidamente rexistradas no Concello de Bueu, desenvolvidas no termo municipal.

Os gastos susceptibles de subvención serán os realizados durante o ano 2012. Serán subvencionables os gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada, que sexan indispensables para a realización da actividade e non estean excluídos polas bases reguladoras da convocatoria.

En xeral, non serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolvan fora do termo municipal.

Especificamente quedan excluídos os gastos derivados de:

- Adquisición, reparación ou mantemento de bens inmobles.
- Consumo eléctrico, telefónico e similares.
- Gastos derivados de comidas e similares (por exemplo as xuntanzas entre os membros da entidade), bebidas alcohólicas, tabacos ou calquera outro produto lesivo para a saúde, que non constitúan a actividade en si, ou teñan relación coa época.
- Gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.

Gastos derivados do uso de equipamentos municipais.

2.—LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA OS CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO MUNICIPAL:

– *Área deportiva:*

- a) Actividades ordinarias: Actividades deportivas desenvolvidas por clubs e entidades deportivas mediante a participación en competicións deportivas.
- b) Actividades extraordinarias: Actividades deportivas organizadas con carácter singular ou extraordinario, complementando ou non as actividades desenvolvidas pola entidade organizadora.

3.—BENEFICIARIOS/AS E REQUISITOS.

Os/as destinatarios/as destas subvencións serán os clubs e entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para actividades no ámbito municipal, que reunindo os requisitos xerais esixidos na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Bueu, cumpran os seguintes requisitos:

- Estar incluídas no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Bueu, ou polo menos ter feita a solicitude para este Rexistro en data anterior á solicitude da subvención.
- Carecer de ánimo de lucro.
- Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Bueu, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- Deberán acreditar estar o corrente das obrigas coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social mediante certificación expedida polos citados organismos aqueles clubs que a cantidade subvencionada supere os 3.000 €. Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectuar o pago da subvención e deberase entregar xunto coa solicitude.
- O Instituto Municipal e Deportes de Bueu comprobará de oficio que o solicitante das axudas está ao corrente do cumprimento das obrigas fiscais co Concello.

Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais:

- As entidades que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido ese dereito, e especificamente o recollido no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- As entidades que por resolución firme foran sancionadas polo incumprimento das condicións previstas na autorización precisa para o desenvolvemento da actividade.
- As entidades que perderan o dereito á obtención das subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.

4.— OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- Aceptar a subvención: entenderase por aceptada salvo que se renuncie expresa e motivadamente á mesma, no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir daquel no que reciban a notificación da concesión da subvención.
- Realizar as actividades ou cumprir co fin ou propósito que fundamenta a concesión da subvención. Xustificar documentalmente, e na forma e prazos previstos nestas Bases, o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos. Unha vez concedidas as subvencións, o Instituto Municipal de Deportes a través dos seus servizos municipais, poderá comproba-lo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non se-lo prefixado, á revocación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do IMD novas peticións. Igualmente actuará coas solicitudes que non presenten os xustificantes en tempo e forma.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo IMD, así como calquera outras actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe das actividades ou proxectos que os mesmos están subvencionados polo IMD.
- Tódolos clubs que perciban unha subvención deberán obrigatoriamente emprega-lo distintivo do IMD de Bueu, a partir da súa constitución, en tódalas actividades e comunicacións que promovan, así como na indumentaria deportiva dos seus deportistas que pertencen ao equipo de maior categoría, tanto masculina como feminina.

Os beneficiarios asumirán tódalas responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.

5.— FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ó de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As entidades interesadas en participar na presente convocatoria deberán entregar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello a seguinte documentación:

ANEXO 1.

MEMORIA EXPLICATIVA: Descrición detallada de cada actividade.

MEMORIA ECONÓMICA: Descrición, o máis detallada posible, dos gastos e ingresos previstos para cada actividade e do presuposto xeral do club.

ANEXO 2, que contén os seguintes puntos:

- Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente sinalarase cales foron concedidas e cales están pendente de resolución.
- Declaración xurada do/a presidente/a ou da persoa vinculada ó club en que delegue (vicepresidente/a, directivo/a, secretario/a, etc) sinalando que o club ou asociación deportiva carece de fins de lucro.
- Declaración xurada do/a presidente/a ou da persoa vinculada ó club en que delegue (vicepresidente/a, directivo/a, secretario/a, etc) sinalando que o club ou asociación non está incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

ANEXO 3:

- Datos referentes á entidade deportiva, ano fundación do club, nº de socios, nº de equipos, categorías, actividades que organizan e actividades nas que teñen previsto participar, deportistas, logros deportivos, etc.

ANEXO 4: Descrición detallada dos desprazamentos- kilometraje do equipo/deportistas con competicións máis altas (nacional, autonómico provincial).

6.– CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS**6.1 PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN**

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (mediante a comparación das solicitudes presentadas), e o órgano encargado do seu outorgamento será o Presidente do IMD, previa proposta motivada da Comisión de Valoración, e Informe dos Servizos Económicos, se procedese. Instruirá o expediente o técnico de deportes do Instituto Municipal de Deportes de Bueu.

A composición da Comisión Valoración será a seguinte:

PRESIDENTA/E: O/A Alcalde/sa Presidente/a, ou persoa en quen delegue.

VOGAIS:

- A/O Concelleira/o de Deportes.
- Un representante de cada un dos grupos políticos presentes na Corporación.

SECRETARIA/O: Un/ha traballador/a do concello designado/a pola Alcaldía, con voz e sen voto.

6.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Teranse en conta os seguintes criterios ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polos solicitantes.

- Antigüidade do club. Ata un máximo de 6 puntos. A comisión de valoración establecerá diferentes rangos para avaliar tódolos clubs e asociación deportivas.
- Número de equipos (tamén deportistas) e categorías a que pertencen (relevancia da competición). Ata un máximo de 10 puntos.
- Número de deportistas e equipos femininos (relevancia da competición). Ata un máximo de 10 puntos.
- Número de socios Ata un máximo de 4 puntos.
- Número de técnicos cualificados (especificar titulación). Ata un máximo de 10 puntos.
- Resultados acadados polos diferentes equipos na última tempada organizada pola federación deportiva correspondente. Ata un máximo de 10 puntos.
- Organización e execución de actividades alternativas a da propia competición federada (campus, torneos, xornadas formativas, etc). Valorarase a repercusión dentro e fora do municipio. Ata un máximo de 5 puntos.
- Kilometraje (anexo 4). Ata un máximo de 6 puntos.

6.3 NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A resolución de concesión será notificada expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna, por calquera dos medios previstos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

6.4 PUBLICIDADE

Publicarase unha relación das subvencións concedidas no Taboleiro de Anuncios do Concello de Bueu, así como na páxina web oficial do Concello de Bueu (www.concellodebueu.org), con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ó que se imputan, beneficiarios e contías percibidas.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas formularanse os recursos que procedan.

7.—XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

7.1. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN

O prazo de presentación no Rexistro Xeral dos xustificantes será de tres meses despois de rematar a actividade subvencionada e como máximo ata o 1 de decembro de 2012 (inclusive).

7.2. DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

A xustificación da subvención farase mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello dos seguintes documentos:

ANEXO 5: modelo de xustificación.

Documentos acreditativos dos gastos subvencionados (facturas orixinais ou copias debidamente cotexadas que deberán recolle-lo número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente, etc.).

Ningunha entidade deportiva adxudicataria das subvencións, poderá percibila, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Bueu e os seus organismos autónomos.

Documentos acreditativos co apartado 4 quinto guión destas bases (carteis, folletos, etc.).

7.3 FORMA DE XUSTIFICACIÓN

As entidades deberán presentar xustificantes pola unha contía global igual ou superior ao conxunto dos gastos subvencionados, de acordo co proxecto presentado e na forma que se dispón no presente artigo.

O IMD reducirá proporcionalmente as contías a conceder no caso de non xustificar a totalidade dos gastos subvencionados, ou aínda xustificando este total, por non presentar correctamente os documentos xustificativos esixidos neste artigo.

A non presentación da xustificación dentro do prazo levará automaticamente a perda da subvención.

O IMD resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, quedando obrigado o beneficiario a facilitar tanta información lle sexa requirida polo IMD.

Admitiranse como xustificantes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa; os documentos serán orixinais ou copias cotexadas polo/a funcionario/a do Concello responsable do servizo.

Os elementos que deben incluírse nunha factura son os seguintes:

- Nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF.
- Identificación da entidade, co CIF.
- Data de emisión.
- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se desgreguen e se describan os conceptos desagregados.
- Debe aparecer o IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente.

Para a xustificación dos gastos pertencentes a persoal (cursos, conferencias, etc.) admitiranse nóminas orixinais asinadas polo perceptor, ou ben fotocopias compulsadas.

Considerarase un gasto realizado aquel que fora efectivamente pagado antes do final do prazo de xustificación.



8.—PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O IMD aboará a cada unha das entidades beneficiarias a contía da subvención, unha vez sexa xustificado o gasto correspondente, segundo o disposto no apartado 6 da presente convocatoria.

9.—RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003 de 26 de novembro), e no art. 40 Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes: Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

No non previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Bueu.

Bueu, 16 de abril de 2012, O Presidente do IMD de Bueu, Félix Juncal Novas”

As mesmas expóñense durante trinta días naturais a contar dende o seguinte á publicación das mesmas no BOP.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ó de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En Bueu, a 23 de Maio de 2012.—O Presidente do IMD de Bueu, Félix Juncal Novas. **2012005373**

A N U N C I O

Cobranza en voluntaria do Padrón Municipal do Imposto sobre Bens Inmóveis de Naturaleza Rústica e Urbana correspondente ó exercicio 2012.

Aprobado mediante Resolución de Alcaldía de data 24 de Maio de 2012 o Padrón Municipal do Imposto sobre Bens Inmóveis de Naturaleza Rústica e Urbana correspondente ó exercicio 2012. expónse ó público por espazo de 15 días, a partires do seguinte día en que este Anuncio fora publicado no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 87 e 88 do Regulamento Xeral de Recadación, comunícaselles ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do mencionado Padrón será do 2/07/2012 ó 3/09/2012, ámbalas dúas datas inclusive.

O importe poderá satisfacerse, consonte co artigo 86 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación a través de calquera Entidade Bancaria, empregando os instrumentos de ingreso (Recibos), que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá ata o día 3 de setembro de 2012 obter un duplicado na Oficina de Xestión Tributaria do Concello de Bueu sita na Rúa Eduardo Vincenti nº 53 Baixo - Tlfno. 986390034

Os contribuíntes que a 15 de agosto de 2012 non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán do mesmo prazo, para os solicitar na oficina indicada, e efectua-lo pagamento nas Entidades Bancarias, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de construximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da vixente Lei Xeral Tributaria.